

Programación ESPA
Ámbito de comunicación
Módulo II
Curso 2025-2026

Isabel Villalta Martin

Introducción	3
Competencias e obxetivos	4
Unidades didácticas: obxetivos, contidos e criterios de avaliación	5
Metodoloxía	16
Materiais e recursos didácticos	17
Avaliación e cualificación	18
Instrumentos de avaliación	19
Medidas de atención á diversidade	20
Programación de temas transversais	20
Práctica docente	21

Introdución.

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións exixen o desenvolvemento das competencias necesarias que axudan aos individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea. O eixe do currículo do ámbito de comunicación aborda de maneira directa as dimensións comunicativas, interculturais, cidadás e cívicas necesarias par que o alumnado asuma responsablemente os seus deberes e coñeza e exerza os seus dereitos a partir da aprendizaxe da orixe e da evolución das sociedades, a construción europea, os valores democráticos e a cidadanía activa.

Os obxetivos deste ámbito supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos polo alumnado durante os anos de escolarización previa, que serán o punto de partida para esta etapa en que se deberán ter en conta tanto as características específicas do alumnado como os seus repertorios e experiencias, co fin de garantir a súa inclusión social, a súa inserción no mundo laboral e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

A dimensión comunicativa deste currículo implica comunicarse eficazmente e con corrección en lingua castelá e galega, tanto no nivel oral como no escrito, así como comprender e expresar adecuadamente nunha lingua estranxeira, de modo que o alumnado poida ampliar o seu repertorio lingüístico individual aproveitando as experiencias propias para mellorar as súas destrezas comunicativas.

Do mesmo xeito ocupan un lugar importante ea procura de pracer pola lectura, fomentando unha lectura progresivamente autónoma, pero tamén unha lectura guiada e compartida na aula através do achegamento a fragmentos de obras que presenten certa resistencia inicial para o alumnado, mais que permitan, coa mediación docente, non só o seu desfrute, senón tamén o respecto polo diálogo intercultural e pola situación bilingüe en que vivimos na nosa comunidade autónoma.

Este ámbito, ademais, permítelle ao alumnado desenvolverse mellor nos contextos informacionais, pois comprende aspectos relacionados coas destrezas básicas a busca e selección de información como medio para adquirir novos coñecementos, favorecendo así a adquisición das ferramentas necesarias para afrontar a manipulación e a desinformación e, ao mesmo tempo, abordar a información e a comunicación de xeito crítico e adecuado ás propias necesidades do alumnado. Neste sentido, as ferramentas dixitais teñen un potencial indispensable para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación do ámbito; por iso o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización informacional e o uso adecuado, seguro, ético e responsable das tecnoloxías da información e da comunicación supoñen un elemento de aprendizaxe relevante.

Competencias e obxetivos:

As competencias son:

Comunicación lingüística (CCL). Esta competencia é o obxectivo principal da materia e aparece en todas as unidades.

Na educación a distancia hai unha predominancia da comprensión e expresión escrita e, en menor medida, da comprensión oral en detrimento da expresión oral.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT.) Estas competencias reflíctense na aprendizaxe dos números cardinais, ordinais e romanos; das operacións matemáticas,...

Competencia dixital (CD). Con est competencia o alumnado é capaz de buscar, obter, tratar e comunicar e verificar (con espírito crítico) información na rede.

O ensino a distancia lévase a cabo mediante a aula virtual: apuntes, referencias a páxinas web.

Aprender a aprender (CAA). O ensino a distancia favorece unha maneira de aprender autónoma. O alumnado ten que organizar o seu traballo, manexar os recursos popostos....

Competencias sociais e cívicas (CSC). esta competencia intenta comprender a realidade social na que vivimos, afrontar a resolución de conflitos con valores e práctica democrática, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable no exercicio dos dereitos e obrigas cívicas. desenvolvementos esta competencia mediante o descubrimento das diferentes á propia.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Esta competencia desenvólvese no alumnado partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e atinxe á súa responsabilidade, á creatividade e á autocritica. Trátase de recoñecer que ten a capacidade de imaxinar, de desenvolver de avaliar accións e proxectos individuais ou coletivos con creatividade, confianza responsabilidade cívica.

Conciencia e expresión culturais (CCEC): Esta compentencia implica o coñecemento de diferentes manifestacións culturais, unha actitude aberta, respectuosa e crítica fronte á diversidade de expresións culturais.

Os Obxetivos:

Os obxetivos asociados aos criterios de avaliación e contidos do bloque de Comunicación en Lingua Estranxeira

están formulados a partir das actividade de lingua e as competencias que establece o Consello de Europa no MCER. esta ferramenta é peza clave para determinar os distintos niveis de competencia que o alumnado adquire nas diferentes actividades e apoia tamén o seu procesos de aprendizaxe, que se entende como dinámico e continuado, flexible e aberto, e debe adecuarse ás súas circunstancias, necesidades e intereses. Deste xeito, espérase que o

alumnado sexa capaz de acadar un nivel de competencia básica para pór un funcionamento todos os contidos no seo de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos: persoal, social, educativo e profesional, e a partir de textos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximo á súa experiencia.

Os obxetivos, tende en conta os coñecementos previos do alumnado adulto, implica unha ampliación e un afondamento nas actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida esta última como a actividade orientada a explicar conceptos e simplificar mensaxes co fin de facilitar a comprensión mutua e de transmitir información.

Os obxetivos de lingua estranxeira tamén inclúen a valoración e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado co fin de que aprenda a actuar de forma empática e respectuosa en situacións comunicativas interculturais. Estes elementos curriculares deben seleccionarse, adaptarse e secuenciarse en relación co alumnado adulto, priorizando os elementos curriculares esenciais que garenten coñecementos e habilidades fundamentais en relación con carencias de formación formal relativas a situacións de abandono escolar que non foron suplidas, ou que o foron de modo deficitario, por aprendizaxe informais ou non formais. Estas deben ser sempre tidas en conta na concreción curricular, a partir da detección de coñecementos previos e da atención á diversidade.

Obxetivos

Obxetivos do ámbito
OBX1. comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo as convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e a súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas.
-O desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado en lingua castelá e galega que comprende a comprensión, a produción e a interacción, tanto escritas como oral e multimodais, require destrezas específicas dentro da área vinculadas e definidas pola diversidade de situacións, contextos e necesidades persoais e sociais do alumnado. -Desenvolver a competencia lectora implica incidir no uso das estratexias que deben desenvolverse antes, durante e despois do acto lector co fin de que os estudantes se convertan en lectores competentes e autónomos ante todo tipo de textos. comprender un texto implica captar o seu sentido global e a información máis relevante en función do propósito de lectura e do contexto en que este se produce, integrar a información explícita e realizar as inferencias necesarias, formular hipótesis sobre a intención comunicativa que subyace neses textos e reflexionar sobre a súa forma e contido. Para iso, convén acompañar os procesos lectores do alumnado de maneira detida na aula. Por último saber escribir significa hoxe saber facelo en diferentes soportes e formatos, moitos deles de carácter hipertextual e multimodal, e require o coñecemento e a apropiación dos “moldes” en que cristalizaron as prácticas comunicativas escritas propias dos diferentes ámbitos de uso: os xéneros discursivos. A elaboración dun texto escrito é froito dun proceso que ten polo menos catro momentos: a planificación, a redacción, a revisión, que poder ser autónoma, pero tamén compartida con outros estudantes ou guiada polo docente, e a edición do texto final. A composición dops texto escrito ten que atender tanto a criterios de coherencia, cohesión e adecuación, como á corrección gramatical e ortográfica e á propiedade léxica. - así mesmo, débense desenvolver prácticas discursivas que incidan na interacción, comprensión e expresión dun catálogo diversificado de textos escritos, orais e multumodais. Os obxectivos asociados á comprensión oral inclúen anticipar o contido, reter información relevante en función do propio obxectivos distinguir entre feitos e opinións, captar o sentido global e a relación entre as

partes do discurso, m identificar a intención do emisor, analizar procedementos retóricos ou valorar a fiabilidade, a forma e o contido do texto. Pola súa vez, a interacción oral require coñecer as estratexias para tomar e ceder a palabra, fomentar actitudes de escoita activa, expresarse con fluidez, claridade e co ton e rexistro adecuados, así como poñer en xogo as estratexias de cortesía e de cooperación conversacional na expresión de ideas ou opinións atendendo aos elementos da comunicación non verbal. A produción oral de carácter formal, monologada ou dialogada, ofrece marxe para a planificación e comparte, polo tanto, estratexias co proceso de escritura. As tecnoloxías da información e da comunicación facilitan novos formatos para a comunicación oral multimodal, tanto síncrona como asíncrona, e favorecen o rexistro das contribucións orais do alumnado para a súa difusión en contextos reais e para a súa posterior análise e revisión.

OBX2. Seleccionar e contrastar información procedentes de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adaptando n punto de vista crítico e personal á par que respectuoso coa propiedade intelectual.

-O acceso á información non garante por si mesmo o coñecemento, entendido como principio que estrutura a sociedade moderna e ferramenta esencial para facer fronte aos retos do século XXI. Por iso, é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, identificándoa, avaliándoa e comunicándoa. É necesario adoptar un punto de vista crítico e persoal, e evidenciar unha actitude ética e responsable coa propiedade intelectual e coa identidade dixital.

-Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma cooperativa, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para a realización de traballos ou proxectos de investigación, ben sobre temas do currículo ou ben sobre aspectos importantes da actualidade social, científica ou cultural. Estes procesos de investigación deben tender á abordaxe progresivamente autónoma da súa planificación de do respecto ás convencións establecidas na presentación das producións propias con que se divulga o coñecemento adquirido: organización en epígrafes; procedementos de citas, notas, bibliografía e webgrafía; combinación axustada de diferentes códigos comunicativos nas mensaxes multimodais.. É imprescindible tamén o desenvolvemento da creatividade e a adecuación ao contexto na difusión da súa nova aprendizaxe. ÇA biblioteca escolar, entendida como un espazo creativo de aprendizaxe, será un contorno ideal para acadar este obxectivo.

OBX3. Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específico e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre texto diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria

-Este obxectivo trata de facilitar tránsito desde unha lectura identificadora ou argumental das obras a outra máis consciente e elaborada que abra as portas a textos inicialmente afastados da experiencia inmediata do alumnado. Para iso, é necesario desenvolver habilidades de interpretación que favorezan a verbalización de xuízos de valor máis argumentados e a construción dun mapa cultural que conxugue os horizontes nacionais cos universais e as obras literarias con outras manifestacións artísticas. Constatar a persistencia de tópicos temáticos e formais que atravesan épocas e contextos culturais implica privilexiar un enfoque intertextual.

-Dous son os eixes propósitos para o desenvolvemento deste obxectivo. En primeiro lugar, a lectura guiada e compartida na aula de obras que presenten unha certa resistencia para o alumnado, mais que permitan, coa mediación docente, non só o seu disfrute senón tamén a apropiación dos seus elementos relevantes. En segundo lugar, a inscrición desas obras en itinerarios temáticos ou de xénero integrados por textos literarios e non literarios de diferentes épocas e contextos, cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas, tópicos e formas estéticas e axuda a establecer vínculos entre o horizonte de produción e o horizonte actual de recepción. O deseño de itinerarios- no cal debe haber representación de autoras e autores- comporta unha planificación consensuada ao longo da etapa para asegurar a progresión e a complementariedade necesarias que permitan a adquisición gradual das competencias interpretativas.

OBX4. Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de

maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.

-O estudo sistemático da lingua, para que sexa útil, debe estar vinculado aos usos reais propios dos falantes, mediante textos orais e escritos contextualizados e deben promover, por un lado, a competencia metalingüística do alumnado; é dicir, a súa capacidade de razoamento, argumentación, observación e análise e, por outro, a reflexión metalingüística que debe partir do coñecemento intuitivo do alumnado como usuario da lingua e establecer pontes co coñecemento sistemático previo primeiro cunha linguaxe sinxela, máis próxima á realidade dos alumnos e alumnas, para despois ir introducindo de maneira progresiva a terminoloxía específica. Alén diso, debe integrar os niveis pragmático, semántico e morfosintáctico no estudo das formas lingüísticas.

- Trátase polo tanto de abordar a aprendizaxe da gramática relacionando o coñecemento gramatical explícito e o uso da lingua a partir de reflexión. Para iso hai que partir da observación do significado e a función que as formas lingüísticas adquiren no discurso, para chegar á xeneralización e á sistematización a partir da manipulación de enunciados, o contraste entre oracións, a formulación de hipóteses e de regras, o uso de contraexemplos ou a conexión con outros fenómenos lingüísticos: En definitiva, preténdese estimular a reflexión metalingüística e interlingüística para que o alumnado poida pensar e falar sobre a lingua de maneira que ese coñecemento reverte nunha mellor comprensión e interpretación crítica das producións alleas.

-O uso do repertorio lingüístico e a reflexión sobre o seu funcionamento están, ademais, vinculados co enfoque plurilingüe da adquisición de linguas. O enfoque plurilingüe parte do feito de que as experiencias do alumnado coas linguas que coñece serven de base para a ampliación e mellora da aprendizaxe de linguas novas e axúdano a desenvolver e enriquecer o seu repertorio lingüístico e a súa curiosidade e sensibilización cultural. Nesta etapa, o alumnado afonda nesa reflexión e establece as relacións entre as linguas que conforman os seus repertorios individuais, analizando as súas semellanzas e diferenzas co fin de ampliar coñecementos e estratexias. Deste xeito, fávorecese a aprendizaxe de novas linguas e mellórase a competencia comunicativa.

OBX5. Apreciar e respectar a diversidade lingüística e cultural a partir das tres linguas do ámbito como fonte de enriquecemento persoal, identificando e valorando diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas para favorecer a reflexión lingüística, combater estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coas linguas.

-A diversidade lingüística é unha característica fundamental da Península Ibérica, onde se falan varias linguas románicas, amais do éuscaro, coas súas respectivas variantes dialectais. Alén disto, nas nosas aulas convive alumnado que usa linguas e diferentes variedades dialectais tanto do galego como do castelán, se por algo se caracterizan os centros educativos para persoas adultas é pola multiculturalidade e o plurilingüismo.

- Así pois, as aulas de comunicación deben abrazar esta diversidade lingüística do alumnado para non só evitar prexuízos lingüísticos e acoller os significados culturais que supón esa riqueza de códigos verbais, senón tamén para profundar no coñecemento de como funcionan as linguas e as súas variedades e rexistros, tendo como referencia a evolución sociohistórica e sociolingüística.

-Na lingua estranxeira, a adecuación á diversidade debe permitirle ao alumnado actuar con empatía e respecto en situacións interculturais nas cales se abrirá a novas experiencias, ideas, sociedades e culturas, mostrando interese cara coa sustentabilidade e os valores democráticos.

OBX6. Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes sinxelos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significado, para responder a necesidades comunicativas cotiás.

-A comprensión supón recibir e procesar información. Nesta etapa, a comprensión é unha destreza comunicativa que se debe desenvolver a partir de textos sinxelos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e profesional, de interese público próximos á experiencia do alumnado ou sobre aspectos socioculturais, expresados de forma clara e usando a lingua estándar. Así, débese axudar ao alumnado a aplicar, inicialmente de forma moi guiada, as estratexias e coñecementos que xa posúe para comprender o sentido xeral,

información esencial e, paulatinamente, os detalles máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais. Para iso, débense activar as estratexias máis adecuadas ás necesidades do alumnado, co fin de reconstruír a representación do significado e do sentido do texto e para formular hipóteses sobre a intención comunicativa que subxace aos devanditos textos. Entre as estratexias de comprensión máis útiles para o alumnado, atópanse a linguaxe non verbal, as imaxes, a repetición ou a segunda lectura, así como a transferencia e integración dos coñecementos, as destrezas e as actitudes das linguas que conforman o seu repertorio lingüístico. Inclúe a interpretación de diferentes formas de representación (escritura, imaxe, gráficos, táboas, diagramas, son, xestos, etc.), a interpretación da información contextual (elementos extralingüísticos) e cotextual (elementos lingüísticos), que permiten comprobar a hipótese inicial sobre a intención e sentido do texto, así como formular hipóteses alternativas se for necesario.

- Ademais das devanditas estratexias, a procura de fontes fiables, en soportes tanto analóxicos como dixitais, constitúe un método de grande utilidade para a comprensión, pois permite contrastar, validar e sustentar a información, así como obter conclusións relevantes a partir dos textos. Os procesos de comprensión e interpretación requiren contextos de comunicación dialóxicos que estimulen a colaboración, a identificación crítica de prexuízos e estereotipos de calquera tipo, así como o interese xenuíno polas diferenzas e semellanzas etnoculturais.

OBX7. Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos cotiáns.

lingüístico, sociolingüístico e pragmático; das expectativas e convencións comúns asociadas ao xénero empregado; de ferramentas de produción e do soporte utilizado. As estratexias que permiten a mellora da produción, tanto formal como informal, comprenden a planificación, a autoavaliación e coavaliación. A produción engloba tanto a expresión oral como a escrita e a multimodal. Nesta etapa, a produción en lingua estranxeira debe dar lugar á redacción e á exposición de textos de extensión media sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional, de interese público próximo á experiencia do alumnado e sobre aspectos socioculturais, con creatividade, coherencia e adecuación. A produción, en diversos formatos e soportes, pode incluír nesta etapa a exposición dunha pequena descrición ou anécdota, unha presentación formal, unha sinxela argumentación ou a redacción de textos que expresen feitos, conceptos, pensamentos, opinións e sentimentos, mediante ferramentas dixitais e analóxicas, así como a procura de información na internet como fonte de documentación. No seu formato multimodal, a produción inclúe o uso conxunto de diferentes recursos para producir significado (escritura, imaxe, gráficos, táboas, diagramas, son, xestos, etc.) e a selección e aplicación do máis adecuado en función da tarefa e as súas necesidades.

-As actividades vinculadas coa produción de textos cumpren funcións importantes nos ámbitos persoal, social, educativo e profesional, e existe un valor cívico concreto asociado a elas. A destreza nas producións máis formais en diferentes soportes non se adquire de forma natural, senón que é produto da aprendizaxe. Nesta etapa as producións baséanse na aprendizaxe de aspectos formais básicos de cariz máis, a retroalimentación, así como a monitorización, a validación e a compensación.

OBX8. Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando expresións sinxelas e estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos cotiáns en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.

-A interacción implica dous ou máis participantes na construción dun discurso. Considérase a orixe da linguaxe e comprende funcións interpersoais, cooperativas e transaccionais. Na interacción entran en xogo a cortesía lingüística e a etiqueta dixital, os elementos verbais e non verbais da comunicación, así como a adecuación aos distintos rexistros e xéneros dialóxicos,

tanto orais como escritos e multimodais, en contornas síncronas ou asíncronas. Nesta etapa da educación espérase que as interaccións en lingua estranxeira aborden temas cotiáns, de relevancia persoal e profesional, de interese público próximos á experiencia do alumnado ou aspectos socioculturais dos países en que se fala a lingua estranxeira.

-Este obxectivo é fundamental na aprendizaxe, pois inclúe estratexias de cooperación, de inicio, mantemento ou conclusión de conversas, de cesión e toma de quendas de palabra, así como estratexias para preguntar co obxectivo de solicitar clarificación ou repetición. Ademais, a aprendizaxe e aplicación das normas e principios que rexen a cortesía lingüística e a etiqueta dixital preparan o alumnado para o exercicio dunha cidadanía democrática, responsable, respectuosa, inclusiva, segura e activa.

OBX9. Mediar en situacións cotiáns entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.

-A mediación é a actividade da linguaxe consistente en explicar e facilitar a comprensión de mensaxes ou textos a partir de estratexias como a reformulación, de maneira oral ou escrita. Na mediación, o alumnado debe actuar, inicialmente de forma guiada, como axente social encargado de crear pontes e axudar a construír ou expresar mensaxes de forma dialóxica, podendo empregar tanto medios convencionais como aplicacións ou plataformas virtuais para traducir, analizar, interpretar e compartir contidos que, nesta etapa, versarán sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal e profesional, de interese público próximos á experiencia do alumnado ou sobre aspectos socioculturais dos países en que se fala a lingua estranxeira.

-A mediación considera diversos tipos. Por unha banda, a mediación de textos, de conceptos e da comunicación e, pola outra, a comunicación interlingüística. Algunhas escalas de mediación textual, como procesar textos ou estratexias de mediación, como simplificar ou aclarar un texto, implican actividades que requiren un grao de competencia lingüística que o alumnado adulto pode non posuír. En consecuencia, este modo de comunicación limitarase á mediación entre linguas.

No primeiro e segundo módulo, transmitindo pequenas notas aclaratorias ou informativas de temas moi sinxelos e unha sinxela mediación intercultural sobre hábitos ligados a convencións sociais básicas. No terceiro e cuarto módulo, o alumnado xa pode transmitir información sinxela e predicible de relevancia inmediata en textos curtos e sinxelos como carteis, anuncios, pósteres, programas ou folletos. Igualmente, estará capacitado para facer mediación de textos, como a toma de notas ou a transmisión de información moi sinxela do escrito ao oral e mesmo poderá realizar certa mediación da comunicación, actuando de intermediario en situacións de comunicación predicibles, informais e sinxelas.

Criterios de avaliación e contidos

Ámbito de comunicación: Módulo II

bloque 1. As linguas e os seus falantes: sociolingüísticos e oralidade.

Criterios de avaliación	obxetivos
CA1.1 Recoñecer as variedades dialectales do español de América e dos países da lusofonía, identificando as nocións básicas das falas dos países hispanos e dos lusófonos, así como das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algún dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX5

CA1.2 identificar prexuízos e estereotipos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	OBX5
CA1.3 Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX5
CA1.4 Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos, de diferentes ámbitos, analizar a interacción entre os diferentes códigos.	OBX1
CA1.5 Valorar a información e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da cante utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados, distinguidos de xeito guiado os diferentes xéneros discursivos: diálogo, debate, exposición...	OBX1
CA1.6 Realizar exposicións orais sinxelas con diferentes grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX1
CA1.7 Participar de maneira activa e adecuada en interaccións informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX9
CA1.8 Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre persoas.	OBX1

Contidos
Comparación dos trazos das principais variedades dialectales do español de América con especial atención ás variedades faldas polo alumnado. Comparación de trazos das fales dos diferentes países da lusofonía, con especial atención ás variedades faldas polo alumnado. Iniciación á reflexión interlingüística. Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. A interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Risco de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede . Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. Proceso de comprensión e análise crítica de textos orais e multimodais. Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Identificación dos recursos lingüístico para adecuar o rexistro á situación de

comunicación.

Proceso de produción de textos orais:

Interacción oral de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra.

Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertiva e resolución dialogada dos conflitos.

Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.

Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais e multimodais de diferentes ámbitos.

-Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e explicativas.

-Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais.

-Xéneros discursivos propios do ámbito social- Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.

Bloque 2. A gramática dos textos: comprensión e produción escrita

Criterios de avaliación	Obxetivos
CA2.1. Comprender as características fundamentais do texto como unidade lingüística: coherencia, cohesión e adecuación.	OBX4
CA2.2 Comprenderne interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	OBX1
CA2.3 Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, fiabilidade, eficacia e a idoneidade da canle utilizada, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	OBX2
CA2.4 localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertencencia en función dos obxetivos da lectura, identificando e reparando algún problema de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX2
CA2.5 Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo situacións de comunicación, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borrador e revisalo coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, coa cohesión e o rexistro adecuados.	OBX1
CA2.6 Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX4
CA2.7 Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborar e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	OBX1

CA2.8 Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. CA2.9 Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir de reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específico, consultando de forma progresivamente autónoma, manuais e gramáticas.	OBX1 OBX4
--	---------------------------------------

Contidos
Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise de textos, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. -Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación. -Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e explicativas. -Xéneros discursivos propios do ámbito de educación: a explicación. -Xéneros discursivos propios do ámbito social: textos xornalísticos: a entrevista obxectiva e de perfil. Proceso de comprensión e produción de textos escritos e multimodais. -Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. -Detección de usos discriminatórios da linguaxe verbal e icónica. -Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertencencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios -Producción escrita de textos dialogados e explicativos : planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica -Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. -Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas de chaves, resumos.... -Comunicación e difusión creativa e respetuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na rede para a realización de proxectos escolares. Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos escritos e multimodais. -Recoñecemento dos elementos constituintes dos sintagmas nominais e preposicionais. Os pronomes e determinantes: clasificación e funcións. A posición do pronome na oración en galego e castelán. As preposições: contraccións preposicionais en galego e castelán. -Análise da formación de vocabulario en galego e castelán. Os procesos de derivación e de composición léxica. -Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. As oracións interrogativas totais e parciais, as exhortativas, desiderativas e dubitativas. Os tempos do modo subxuntivo. O modo imperativo. -Recoñecemento da categoría gramatical do adverbio e da súa clasificación en función do seu significado. -Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna

gramatical (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos).
 -Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

-Corrección lingüística e revisión ortográfica y gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específico a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Bloque 3. Comunicación: a arte literaria

Criterios de avaliación	Obxetivos
CA3.1. Comprender e valorar o feito literario como unha expresión artística, atendendo aos xéneros literarios en xeral e ao lírico e dramático en particular.	OBX3
CA3.2. Comprender e valorar as características do xénero lírico dun xeito guiado, sendo quen de analizar ideas principais e secundarias dunha diversidade de textos tanto en galego como en castelán.	OBX3
CA3.3. Comprender e valorar , de forma guiada, as características do xénero lírico na súa forma a través dunha selección de textos tanto en galego como en castelán e sendo quen de observar e entender os recursos lingüísticos propios da linguaxe literario do xénero.	OBX3
CA3.4. Realizar de xeito autónomo análises de textos en galego e castelán do xénero lírico, atendendo ao contido e á forma.	OBX3
CA3.5. Comprender e valorar as características principais do xénero dramático tanto no seu contido e estrutura como na súa forma, segundo as pautas dadas.	OBX3
CA3.6. Realizar análises de xeito autónomo e guiado de textos dramáticos.	OBX3
CA3.7. Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais, con especial atención á literatura popular galega e castelá, ou multimodais; a´sí como con outras manifestacións artísticas e culturais en funcións de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	OBX3
CA3.8. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convención formais destes xéneros e segundo os estilos literarios vistos nas clases.	OBX3

Contidos
Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes de literatura contemporánea e do patrimonio literario galego, castelá, peninsular e universal, inscritas en itinerarios de xénero que atravesan, épocas, contextos culturais e movementos artísticos, e que dan unha visión global de arte

literario feito en destes xéneros e distintas linguas, pero con temas semellantes e mesma forma semellantes.

- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalenguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario, en especial o lírico e o dramático, e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxe.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración personal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme os procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación...).

Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autos e autores, e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.

- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da explicación guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuito literario e lector.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalenguaxe específico. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.

Bloque 4: Comunicación en lingua estranxeira.

Criterios de avaliación	Obxectivos
CA4.1. Recoñecer o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e sobre aspectos socioculturais básicos, expresados de forma clara e na lingua estándar, usando de forma guiada as estratexias básicas máis adecuadas á tarefa. CA4.2. Expresar oralmente mensaxes breves, sinxelas e claras sobre asuntos cotiáns e frecuente, de relevancia para o alumnado, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, da produción, e prestando atención á pronuncia e á acentuación, aínda que se comentan erros. CA4.3. Redactar textos breves a partir de modelos sinxelos mediante	OBX6 OBX7

ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado , aplicando de forma guiada as estratexias básicas máis adecuadas á tarefa.	OBX7
CA4.4. Participar de forma guiada en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns e de relevancia persoal a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal amosando interese, empatía e respecto pola cortesía lingüística e usando as estratexias básicas adecuadas par iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra e solicitar aclaracións.	OBX8
CA4.5. Inferir conceptos e transmitir a terceiras persoas información simple de textos breves e sinxelos en situacións en que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e pola linguas emprendadas, e interese por participar na resolución de problemas de comprensión contando con diversos recursos e apoios	OBX9
CA4.6. Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre as linguas do seu repertorio linguístico, reflexionando de maneira guiada sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	OBX4
CA4.7. Rexistar, con crecente autonomía, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, por medio de actividades de autoavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	OBX4
CA4.8 Participar activamente en proxectos sinxelos e claramente estruturados nos que se empregan varias linguas e relacionados con elementos transversais ou aspectos socioculturais, apreciando a diversidade lingüística e cultural, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo ou estereotipo.	OBX5

Contidos
.Estratexias básicas e modelos contextuales para a planificación e control da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos. -Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan iniciarse en actividades de mediación e interacción en situacións cotiáns sinxelas. .Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentarse e presentar; describir e comparar persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo presente: situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobres cuestións cotiáns; dar e decir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; describir situacións presentes e accións habituais; expresar a capacidade. -Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. .Léxico básico de interese para o alumnado relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre,

vida cotiá, actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural.

- Padron sonoros, acentuais, rítmicos e de entonación básicos significados asociados a eles.
- .Convencións ortográficas básicas e significados asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Respecto á propiedade intelectual das fontes consultadas e dos contidos utilizados. Uso responsable des tecnoloxías da información e da comunicación.
- .Uso, con crecente autonomía, de dicionarios e material de consulta en rede. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais para a aprendizaxe, a procura de información, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos.
- Estrateixias básicas para identificar e utilizar unidades linguística (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros....) a partir da comparación das lingua que conforman o repertorio linguístico personal.
- Ferramentas básicas de autoavaliación e coevaluación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, así como técnicas de aprendizaxe e de compensación das carencias comunicativas. O erro como instrumento de mellora e reparación.
- .Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estrategias básicas para espertar a curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas, entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

Temporalización

Os contidos de cada Módulo da ESPA desenvólvense en dous cuatrimestres, e están distribuídos en dúas avaliacións. Cada semana (das 14 que compoñen cada curso) abordarase un aspecto do temario (correspondente a unha Unidade Didáctica) que se publicará na Aula Virtual, acompañada de explicacións que poñerán en contacto ao alumnado coa materia que debe abordar e os materiais complementario para o estudo de cada epígrafe. Cada unha das dúas avaliacións parciais do curso revisarán os contidos estudados en cada período.

1º AVALIACIÓN

UNIDADE 1	Historia y Origen del español
UNIDADE 2	As letras
UNIDADE 3	Getting started
UNIDADE 4	Géneros discursivos
UNIDADE 5	Os textos dialogados
UNIDADE 6	Everyday life

UNIDADE 7	Poesía y teatro. Lecturas
Lecturas	“Luna de Senegal” e “O pai de Migueliño”

2º AVALIACIÓN

UNIDADE 8	O adxetivo e os determinantes
UNIDADE 9	El verbo, el adverbio, las preposiciones y las conjunciones
UNIDADE 10	Food and health
UNIDADE 11	Polisemia, homonimia e o acento diacrítico.
UNIDADE 12	Corrección lingüística de textos
UNIDADE 13	Where do you live?
UNIDADE 14	Os séculos escuros e o rexurdimento
Lecturas	“ O cumpremortos” de cando petan na port pola noite. X. P Docampo “La siesta del martes” García Márquez.

Metodoloxía

A metodoloxía fomentará a autoaprendizaxe e terá en conta as particularidades propias da poboación adulta cuxo proceso de aprendizaxe precisa dun enfoque metodolóxico específico que parta das súas experiencias e vivencias explotando o potencial formativo da bagaxe cultural de cada alumno ou alumna e das aprendizaxes informais e non formais adquiridas, tendo en consideración os seus ritmos de aprendizaxe e prestando especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

A educación a distancia ten unhas características propias que a singularizan dentro do conxunto dos ensinos regrados. Entre unha das estratexias de aprendizaxe que se propoñen atópanse:

1. A retroalimentación como estrateixa de avaliación formativ
2. A metodoloxia da aula virtual (on line) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.

3. O foro como estratexia de avaliación sumativa.

A respecto da retroalimentación como estratexia de avaliación formativa considérase como unha comunicación descritiva continua que facilita información ao estudante ou ao grupo sobre como son os seus avances ou progresos ao comezo e durante e ao final do desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

O foro como ferramenta de avaliación está dirixido á autoavaliación e á coavaliación, xa que permite desenvolver un tema específico, o cal os estudantes irán nutrindo e xerando un debate coas diferentes formulacións e intervencións que realicen. Estes serán moderados polo profesor/a que conducirá as intervencións cara ao propósito avaliativo, o cal xa foi negociado con anterioridade cos estudantes. Establecendo os criterios de avaliación con claridade e precisión do que se espera lograr.

A aula virtual é un recurso en que mostra a natureza evolutiva do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, brinda a oportunidade para reflexionar sobre o crecemento do estudante. Proporciona evidencia do coñecemento, as habilidades e as disposicións de quen o elabora e reflicte o que se quere aprender e o xa aprendido. É a historia dos procesos de ensino e aprendizaxe de cada estudante. Nel alóxanse todas actividades realizadas polos/as estudantes e obsérvanse os cambios evolutivos dos procesos.

Estas estratexias brindan autonomía e requiren do desenvolvemento de competencias comunicativas, unha estrutura do proceso avaliativo que se constrúa en base ao diálogo para que se establezan compromisos pedagóxicos que posibiliten o éxito do estudante a distancia. O uso das tecnoloxías permite a interdependencia, a interacción inmediata, mediata, oportuna e pertinente. Requiren de planificación, claridade e precisión. A formulación de criterios e do que se quere avaliar e pretende avaliar en cada unha das actividades.

Materiais e recursos didácticos.

Usaremos as Unidades Didácticas editadas pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a ESPA.

Ademais, na medida do posible, proporcionaremos ao alumnado material complementario, a través da aula virtual, coma gráficas, mapas, mapas conceptuais, etc., que faciliten o traballo e a comprensión da materia de cada módulo. Isto complementarase con vídeos, de tempo breve, que faciliten a comprensión da materia vista en cada unha das unidades.

Cómpre destacar especialmente todos os recursos estritamente educativos ou outros relacionados coas materias, que presenta internet. O papel do profesor será animar a indagar e afondar en internet polos diferentes contidos do curso, así como establecer unhas orientacións básicas que axuden ao alumnado a non perderse nesa enorme fonte de información. Insistírase neste eido na busca de que o alumnado se converta no principal protagonista do proceso educativo, desenvolvendo a competencia de aprender a aprender, utilizando distintos recursos e fontes xeográficas, históricas e económicas. É fundamental o traballo individual.

Avaliación e cualificación.

O modelo de ensino a distancia presente neste centro condiciona os procedementos de cualificación, que deberán reducirse ás probas obxectivas, unha por cada avaliación, que serán programadas pola dirección do IES. Animamos ao alumando a realizar as actividades presentes na aula virtual, aínda que son de carácter voluntario, para poder ter un seguimento do seu desenvolvemento durante o curso.

Daquela, o alumnado será cualificado en cada unha das dúas avaliación das que consta o Módulo mediante unha proba escrita. A proba de avaliación, que integrará as partes correspondentes aos Ámbitos da Comunicación e da Comunicación de Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés), terá a seguinte estrutura:

CONTIDOS AVALIABLES	PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DA NOTA
CUESTIÓN DE LECTURA OBRIGATORIA	20%
LINGUA GALEGA	26,66

LINGUA CASTELÁ	26,66
LINGUA ESTRANXEIRA	26,66

No caso de persoas exentas de lingua galega, a cualificación do ámbito lingüístico outorgarase de acordo coa seguinte escala:

CONTIDOS AVALIABLES	
CUESTIONS DE LECTURA OBRIGATORIA	20%
LINGUA CASTELÁ	50%
LINGUA ESTRANXEIRA	30%

Respecto da corrección do exame, se o/a profesor/a o estima conveniente, poderá descontar ata 1 punto sobre o valor total da proba por erros de redacción (falta de coherencia, cohesión e adecuación na organización dos contidos) e erros lingüísticos (ortográficos, gramaticais e léxicos). Do mesmo xeito, unha correcta expresión escrita poderá ser valorada con 1 punto extra sobre a cualificación do exame.

Seguen unha serie de aspectos importantes sobre a avaliación e a nota final:

A nota da avaliación será a nota do exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. Para aprobar o curso será necesario obter unha cualificación mínima de 10 puntos na suma das dúas avaliacións, sempre que a nota de ningunha das dúas avaliacións sexa inferior a 4.

A nota final do curso será a media aritmética das dúas avaliacións, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

Recuperación, Cualificación final e Probas Extraordinarias

O alumnado que levase unha nota inferior ao 4 na 1ª avaliación, deberá recuperala mediante as respostas a unha serie de preguntas que se lle formularán sobre os contidos desa avaliación no exame correspondente á 2ª avaliación e final.

O alumnado que teña unha nota de 4 na 1ª avaliación poderá escoller entre unhas das seguintes opcións:

1. Examinarse unicamente dos contidos da 2ª avaliación. Neste caso, para aprobar o curso deberá obter unha nota que sexa suficiente para compensar o 4 da 1ª avaliación.
2. Examinarse dos contidos de ambas as avaliacións. Neste caso, para aprobar o curso deberá obter unha cualificación no exame que, unha

vez redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior, sexa como mínimo de 5 puntos sobre 10. De non obter unha cualificación positiva no exame final, o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria, na que se examinará da totalidade dos contidos da materia. A nota final do curso será neste caso a nota do exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 para aprobalo.

As datas das probas serán programadas pola dirección do centro e comunicadas ao alumnado a través da plataforma virtual.

Instrumentos de avaliación.

Os exames versarán sobre todos os contidos e actividades realizadas no período que se avalíe. As probas obxectivas consistirán nunha serie de preguntas a responder polo alumnado. Estas cuestións poderán combinar exercicios de resposta verdadeiro/falso, resposta múltiple, comprensión de pequenos textos, gráficos, imaxes, cuestións de desenvolver, definición de conceptos... As devanditas preguntas poderán variar no que a extensión e puntuación se refire, mais a nota final virá indicada numericamente, debendo obterse unha nota mínima de **5 sobre 10** para poder superar a avaliación.

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas de cada módulo, o profesor contará o resultado das dúas probas escritas, unha por cada avaliación, que todo o alumnado deberán desenvolver ao longo do módulo, un por cada cuadrimestre.

Medidas de atención á diversidade.

A singularidade da educación secundaria de adultos a distancia supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á

realización da primeira proba escrita no primeiro cuadrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica das alumnas/os. Con todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias básicas establecidas para o módulo.

En contacto co Departamento de Orientación, no caso do alumnado que presente necesidades educativas especiais, o profesor elaborará os materiais e probas adaptados a esta realidade que se requiran.

Programación de temas transversais.

Os temas transversais prográmanse ao longo de todo o currículo da materia, integrados no conxunto dos contidos da materia.

No Ámbito de Comunicación abordamos de forma transversal os seguintes:

- Educación moral e cívica.
- Educación para la paz.
- Educación para la igualdad de oportunidades entre ambos sexos.
- Educación ambiental.
- Educación para á saúde e educación sexual
- Educación para o consumo.
- Educación viaria.

Os temas transversais perseguen que a educación integral das persoas teña en conta non só as capacidades cognitivas e intelectuais, senón atender tamén ao desenvolvemento da capacidade afectiva, da relación interpersoal e social. Axudan a desenvolver persoas reflexivas e críticas co entorno social e físico, que coiden de si mesmas e que sexan quen de implicarse en cambios de actitudes prexudiciais por outras máis respectuosas consigo mesmo, co medio natural e coa sociedade en xeral.

Dentro deste ámbito incidirase especialmente na igualdade de xénero, as consecuencias das desigualdades ao longo da historia, a educación para o coidado do medio, para a paz , a interculturalidade, etc.

Práctica docente.

Coa fin de axustar á realidade docente este documento, resulta interesante considerar a posibilidade dunha avaliación tanto da propia práctica docente como da adecuación ou validez desta proposta didáctica. Meta esta, principalmente dirixida a posibilitar e facilitar a intervención ante posibles eivas ou inadecuacións deste programa.

Para tal fin, consideramos axeitado incluír unha serie de medidas tendentes a esa “avaliación da propia programación”, que se realizarán preferentemente en consenso e coordinación cos demais membros do departamento e baixo a dirección da xefatura.

Así pois, establécese que ao final de cada trimestre, se faga unha reunión valorativa dos resultados acadados en función dos obxectivos didácticos propostos. O profesor analizará tanto de xeito cuantitativo como cualitativo o porcentaxe de aprobados, o traballo das competencias clave así como as principais eivas e problemas que se presentasen. Desta análise, deberá saír un informe valorativo do período e de ser o caso, as posibles medidas de intervención/modificación da proposta educativa de cara aos próximos trimestres.

Finalmente, ao remate do curso, realizarase un novo informe de carácter retroactivo, onde se terán en conta varios indicadores de logro:

- Adecuación da proposta docente en función dos resultado acadados.
- Grao de consecución dos obxectivos de etapa e materia.
- Dificultades á hora de cumprir a temporalización de contidos programada.
- Problemas e conflitos específicos xurdidos por cuestións programáticas da materia.
- Estatística e avaliación dos aprobados/suspensos por trimestres e de xeito final.
- Posibles medidas de intervención e mellora en función dos resultados de curso e de cara a integrar na programación do próximo curso.

Santiago de Compostela

26 de setembro 2025

Asdo: Isabel Villalta Martin

